



das subvencións outorgadas non sexa superior o 100% do gasto. Os/as beneficiarios/as deberán comunicar o Concello todas aquelas axudas solicitadas, as concedidas e o importe das mesmas.

BASE X.—PROCEDIMENTO DE REINTEGRO DE SUBVENCIÓNS PERCIBIDAS

No caso de que con posterioridade ó pago dunha subvención se descubra que os/as beneficiarios/as non reúnen as condicións necesarias para acceder a elas, ou non xustificaran as cantidades xa percibidas, estarán obrigadas a devolver as mesmas incrementadas no tipo de xuro oficial do diñeiro, sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que dean lugar.

DISPOSICIÓNS FINAIS

En todo aquilo non regulado expresamente nestas bases, rexirase polas disposicións xerais recollidas na Ordenanza Xeral de subvencións e resto da normativa reguladora das subvencións.

Mos, 21 de agosto de 2012.—A Alcadesa, Nidia M^a Arévalo Gómez.

2012008218

* * *

PONTEAREAS

A N U N C I O

Non téndose formulado reclamacións contra o acordo de aprobación provisional adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión do 15-05-2012 sobre modificacións da ordenanza reguladora da taxa por instalación de quioscos na vía pública e chiringuitos fixos ou desmontables nas prais fluviais, elévase dito acordo a definitivo cuio texto íntegro é o seguinte:

-Modificar o título da “Ordenanza Reguladora da taxa por instalacións de quioscos na vía pública”, quedando o mesmo do seguinte xeito:

**“ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA
E CHIRINGUITOS FIXOS OU DESMONTABLES NAS PRAIAS FLUVIAIS”**

Engadirlle ó final do artigo 1 “NATUREZA E FUNDAMENTO, “E CHIRINGUITOS FIXOS OU DESMONTABLES NAS PRAIAS FLUVIAIS”, co que dito artigo 1 quedaría do seguinte xeito:

“No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e os artigos 20 e 57 do RD Lexislativo 2/04 de 5 de marzo polo que se aproba o TRLRHL e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RT da Lei Reguladora das Facendas Locais (RTLRHL=, acorda a imposición e ordenación da taxa por instalación de quioscos na vía pública E CHIRINGUITOS FIXOS OU DESMONTABLES NAS PRAIAS FLUVIAIS.

-Modificar o ANEXO (Primeiro-Tarifa) quedando do seguinte xeito:

“A estrutura e cuantía desta taxa será a seguinte:

- a) Pola instalación de cada quiosco na vía pública devengarase 120,00 €/ano.
- b) Pola utilización dos chiringuitos fixos municipais situados na Praia de A Freixa devengarase 300,00 €/ periodo estival (xuño, xullo, agosto e setembro) e 500 €/ano.
- c) Pola instalación desmontable de chiringuitos e/ou quioscos situados nas praias fluviais de San Roque, Moscadeira, Fozara e outras, agás na praia de A Freixa, devengarase 50 €/mes.

Contra a presente disposición xeral os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dos meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia.

Ponteareas, a 27 de xullo de 2012.—O Alcalde, Salvador González Solla.

2012007693